

RESOLUCIÓN DO 25 DE MARZO DE 2025, DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA, POLA QUE SE CONVOCA A PROBA EXTERNA DO PROGRAMA DE DOBRE TITULACIÓN DE BACHAREL E BACCALAURÉAT PARA O CURSO ACADÉMICO 2024/2025 E SE DITAN INSTRUCIÓNS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO.

O Real Decreto 102/2010, de 5 de febreiro, modificado polo Real Decreto 95/2014, do 14 de febreiro, polo que se regula a ordenación das ensinanzas acollidas ao acordo entre o Goberno de España e o Goberno de Francia relativo á dobre titulación de Bacharel e de Baccalauréat en centros docentes españois, establece as ensinanzas conducentes á obtención da dobre titulación de Bacharel do sistema educativo español e de Baccalauréat do sistema educativo francés impartidas en centros docentes españois, en virtude do Acordo Marco firmado con data 16 de maio de 2005 entre o Goberno do Reino de España e o Goberno da República Francesa, relativo a programas educativos, lingüísticos e culturais en centros escolares dos Estados, desenvolvido polo Acordo de dobre titulación asinado en París o 10 de xaneiro de 2008 entre o Goberno do Reino de España e o Goberno da República Francesa.

En desenvolvemento do dito Real Decreto, a Orde EDU/2157/2010, de 30 de xullo, modificada pola Orde EFP/935/2022, de 27 de setembro, pola que se regula o currículo mixto das ensinanzas acollidas ao Acordo entre o Goberno de España e o Goberno de Francia relativo á dobre titulación de Bacharel e de Baccalauréat en centros docentes españois, así como os requisitos para a súa obtención, establece o currículo mixto integrador dos contidos esenciais para o coñecemento da lingua, da cultura e da realidade histórica, social e política de Francia, así como os requisitos para a obtención da dobre titulación nos centros españois que desexen ofertar estas ensinanzas. No seu artigo 4 dispónse que o alumnado dos centros docentes españois que cursa as ensinanzas acollidas ao Acordo citado realizará unha proba externa sobre as materias específicas do currículo mixto correspondentes ao segundo curso de Bacharelato.

Por outra banda, a Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, reformula a definición de currículo e modifica a anterior distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas no relativo aos contidos básicos das ensinanzas mínimas. Deste xeito, o Goberno, previa consulta ás comunidades autónomas, fixou, en relación cos obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo de Bacharelato mediante o Real Decreto 243/2022, de 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do Bacharelato.

A súa vez, a Orde EFP/935/2022, de 27 de setembro, pola que se modifica a Orde EDU/2157/2010, de 30 de xullo, pola que se regula o currículo mixto das ensinanzas acollidas ao Acordo entre o Goberno de España e o Goberno de Francia relativo á dobre titulación de Bacharel e de Baccalauréat en centros docentes españois, así como os requisitos para a súa obtención, garante a axeitada correlación entre o disposto na normativa específica aplicable aos centros españois que imparten o programa Bachibac con respecto á ordenación curricular



das materias que integran o currículo mixto e o que determina o marco regulador do sistema educativo español en relación coas materias comúns nas que aquelas se integran. Segundo o calendario de implantación desta orden, o disposto na mesma implántase para primeiro curso de Bacharelato no ano académico 2022-2023 e, para segundo de Bacharelato, no curso 2023/2024.

A Resolución do 9 de xuño de 2017, da Dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regula a incorporación ao programa de dobre titulación de Bacharel e Baccalauréat -*Bachibac*- en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2017/2018.

A Resolución de 21 de agosto de 2024, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se ditan instrucións relativas ao programa de dobre titulación Bacharel-Baccalauréat correspondentes ao curso 2024-2025.

En consecuencia, e co fin de coordinar a organización e desenvolvemento da proba externa para a obtención da dobre titulación de Bacharel e de Baccalauréat, é necesario ditar instrucións relativas ao desenvolvemento da mesma.

De conformidade co anteriormente exposto e, en exercicio das competencias atribuídas polo artigo 11 do Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, esta Dirección xeral

RESOLVE

Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación

Esta resolución ten por obxecto convocar, para o curso 2024/2025, a celebración da proba externa sobre as materias específicas do currículo mixto do programa de dobre titulación de Bacharel e Baccalauréat para o alumnado de segundo de Bacharelato que, no presente curso académico, estea cursando o currículo mixto do programa *Bachibac* establecido por Orde EDU/2157/2010, de 30 de xullo.

Segundo. Inscripción do alumnado

1. Poderá presentarse á proba externa do Baccalauréat o alumnado de segundo de Bacharelato que estea cursando o currículo mixto do programa *Bachibac* establecido por Orde EDU/2157/2010, de 30 de xullo.

2. Cada alumno ou alumna poderá concorrer a unha soa convocatoria por curso académico. A convocatoria extraordinaria estará reservada unicamente para o alumnado que, por razóns de forza maior, que deberán ser acreditadas documentalmente e estimadas pola Administración educativa, non puidera presentarse ás probas ordinarias.





3. O alumnado que desexe acceder á proba deberá formalizar a súa inscrición na secretaría do centro educativo no que estea cursando o programa *Bachibac* no período comprendido entre o 4 e o 8 de abril de 2025 cubrindo o modelo de solicitude establecido no anexo I desta resolución. O prazo de presentación de solicitudes rematará o día 8 de abril de 2025.

4. Nos tres días seguintes ao remate do prazo de inscrición, a dirección do centro fará público no taboleiro de anuncios do centro o listado do alumnado admitido no acceso ás probas e, se fose o caso, o alumnado excluído, indicando as razóns da súa exclusión e concedendo un período de dous días hábiles para emendar ou corraxir os posibles erros.

5. Finalizado este prazo, a dirección do centro fará pública a listaxe definitiva de aspirantes á proba e remitirá á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia a relación do alumnado inscrito nela, segundo o modelo establecido no anexo II desta resolución.

6. En calquera caso, a exposición dos datos do alumnado respectará o previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

Terceiro. Contidos da proba externa

A proba versará sobre as materias específicas do currículo mixto correspondente ao segundo curso de Bacharelato -Lingua e Literatura Francesas e Historia de España e de Francia- e axustarase ao establecido na Orde EDU/2157/2010, do 30 de xullo, pola que se regula o currículo mixto das ensinanzas acollidas ao Acordo entre o Goberno de España e o Goberno de Francia relativo á dobre titulación de Bacharel e de Baccalauréat en centros docentes españois, así como os requisitos para a súa obtención.

Cuarto. Estrutura da proba externa

A proba externa constará de dúas probas, unha de Lingua e Literatura Francesas e outra sobre a materia de Historia de España e de Francia. Ambas probas realizaranse integramente en francés e adaptaranse ao nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas. Non se permitirá o uso de dicionario en ningunha das probas.

Tanto na proba de Lingua e Literatura Francesas, no seu exercicio oral e escrito, como na de Historia de España e de Francia, valorarase prioritariamente a coherencia na expresión, así como o seu enfoque e desenvolvemento. Todos estes elementos, así como a fluidez e organización do discurso, recibirán unha consideración máis relevante que os erros ocasionais de expresión ou ortografía no texto ou no discurso oral. O obxectivo final das probas é a percepción da capacidade de análise e a madurez na expresión propias dun usuario independente avanzado, tal e como precisa o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.



1. Proba de Lingua e Literatura Francesas.

A proba de Lingua e Literatura Francesas consistirá nun exercicio escrito e outro oral.

1.1. Proba escrita de Lingua e Literatura Francesas.

A proba escrita de Lingua e Literatura Francesas constará de dúas partes de dúas horas de duración cada unha.

1.1.1. A primeira parte, de preguntas e redacción, realizarase a partir dun texto, que poderá ir acompañado dun documento gráfico. O alumno/a alumna deberá realizar un comentario respondendo a unhas cuestións que permitan avaliar a comprensión do mesmo e unha redacción, de 250 palabras (+/- 20%), sobre o texto proposto. A resposta a cada unha das cuestións deberá ter unha extensión de 70 palabras (+/- 20%).

O obxectivo que se pretende coa redacción é demostrar a independencia crítica do alumnado como usuario avanzado. A redacción deberá recoller unha opinión argumentada sobre o texto ou sobre un tema estreitamente relacionado con este.

1.1.2. A segunda parte consistirá na elaboración dun ensaio, de 300 palabras (+/- 20%), sobre unha cuestión referente ao tema de estudo fixado pola Comisión de seguimento que, para o curso 2024-2025, será «Les préjugés et les apparences». As dúas obras literarias que desenvolven o dito tema para esta segunda parte do exercicio escrito son: « Monsieur Ibrahim et les fleurs du Coran » de Éric-Emmanuel Schmitt y « La Vie devant soi » de Romain Gary.

O sentido deste exercicio é a elaboración dun texto de carácter argumentativo que permita percibir a madurez e o rigor na organización e exposición das ideas do alumnado que concorre á proba.

Para cada exercicio proporanse dúas opcións diferentes entre as que cada estudante deberá elixir unha.

1.2. Proba oral de Lingua e Literatura Francesas.

A proba oral de Lingua e Literatura Francesas constará de dúas partes e terá unha duración máxima de 40 minutos.

1.2.1. A primeira parte, de 20 minutos de duración, dedicarase á preparación dun tema a partir do texto e/ou gráfico proposto, relacionado cos contidos traballados no 2º curso de Bacharelato. O texto irá acompañado dunha imaxe e de catro ou cinco cuestións relacionadas co mesmo para poder guiar e orientar a intervención da persoa candidata. Por acordo adoptado pola Comisión Técnica, ofreceranse dúas opcións de entre as que o alumno/a alumna deberá escoller unha.

1.2.2. Na segunda parte, de entre 15 e 20 minutos de duración, o tribunal avaliará a comprensión e expresión orais do alumno/a candidato/a, tanto individualmente como en



interacción, a partir do documento proposto. Esta parte distribuirase en dous bloques equitativos, cada un deles dedicado ás tarefas seguintes:

-discurso monolóxico: a partir dun motivo gráfico e/ou textual, o alumno/a alumna deberá realizar unha exposición discursiva monóxica segundo se indique nas instrucións específicas.

-discurso interactivo: tras a exposición, o alumno/a alumna someterase ás preguntas que o tribunal estableza respecto dos aspectos expostos e procederá a unha conversa guiada - incluíndo elementos de argumentación e negociación- sobre as cuestións propostas.

Unha vez rematado o exercicio, o tribunal responsabilizarase de recoller e custodiar todos os modelos de exame.

2. Proba de Historia de España e de Francia.

A proba de Historia de España e de Francia será escrita e constará de dúas partes de dúas horas de duración cada unha.

2.1. A primeira parte consistirá na realización dun comentario sobre un texto e/ou documento gráfico. O obxectivo da proba é que o alumnado interprete de forma razoada o documento proposto, no que se abordará unha problemática sobre unha cuestión relacionada coa Historia dos séculos XIX ao XXI. Trátase de que o alumno/a alumna realice unha reflexión coherente fundamentada no contraste das ideas e datos do documento cos coñecementos adquiridos sobre o tema proposto e responda argumentando as súas opinións. Para iso, deberá responder a tres cuestións:

2.1.1 Presentación do texto e/ou documento gráfico e exposición do tema ou idea principal do mesmo. A extensión da resposta será de, aproximadamente, 80 palabras (+/- 20%).

2.1.2. Explicación do contexto histórico relacionado co documento gráfico e/ou o texto proposto. A extensión da resposta será de, aproximadamente, 80 palabras (+/- 20%).

2.1.3. Redacción sobre a problemática plantexada. A resposta elaborárase mediante unha reflexión organizada, asociando os coñecementos persoais e as informacións obtidas a partir dos documentos propostos. A extensión aproximada da redacción será de 200 palabras (+/- 20%).

2.2. A segunda parte consistirá no desenvolvemento dun tema relacionado co currículo integrado. Trátase de que o alumno ou alumna redacte un texto ben organizado, dunha extensión aproximada de 300 palabras (+/-20%), que permita percibir a madurez así como o coñecemento dos contidos máis relevantes do tema proposto. Deberá incluír unha ou dúas frases introdutorias, distinguindo en parágrafos diferentes as ideas principais que responden ao tema plantexado, e finalizar cunha ou dúas frases a modo de conclusión ou resposta.

O obxectivo de ambos os dous exercicios é poñer de manifesto un espírito crítico, utilizando estratexias lingüísticas axeitadas que demostren unha expresión escrita, ordenada e





coherente, cunha utilización do vocabulario propia da materia de Historia de España e Francia así como do nivel de lingua requirido.

Para cada exercicio propóranse dúas opcións diferentes entre as que cada estudante deberá elixir unha.

Quinto. *Datas, horario e lugar de realización das probas*

1. Cada alumno ou alumna inscrito poderá concorrer a unha soa convocatoria por curso académico na que se examinará das dúas materias obxecto da proba: Lingua e Literatura Francesas e Historia de España e de Francia.

2. A parte escrita da proba externa realizarase os días 29 e 30 de abril de 2025,:

- martes, 29 de abril: exame escrito de Lingua e Literatura Francesas.
- mércores, 30 de abril: exame escrito de Historia de España e de Francia.

O horario peninsular establecido para o desenvolvemento das distintas partes das probas escritas será o seguinte:

- primeira parte: de 09:30 a 11:30.
- descanso: 11:30 a 12:00
- segunda parte: de 12:00 a 14:00.

3. A proba oral terá lugar o 30 de abril a partir das 15.30 horas.

Con anterioridade á realización da proba oral, o tribunal avaliador realizará a convocatoria do alumnado candidato á proba facendo pública a dita convocatoria no taboleiro do centro.

4. Con carácter excepcional, realizarase unha proba externa extraordinaria que estará reservada unicamente para o alumnado que, por razóns de forza maior, que deberán ser acreditadas documentalmente e estimadas pola Administración educativa, non puidera presentarse ás probas ordinarias.

De teren lugar, estas probas realizaríanse os días 12 e 14 de maio de 2025 nas seguintes quendas:

- luns, 12 de maio: exames escrito e oral de Lingua e Literatura Francesas (mañá e tarde, respectivamente).
- mércores, 14 de maio: exame de Historia de España e de Francia.

5. A proba ordinaria e, de ser o caso, a extraordinaria, terá lugar no *IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas* de Oleiros (A Coruña). Corresponderalle á dirección do centro xestionar e coordinar a realización da dita proba e velar polo seu correcto desenvolvemento.





Sexto. Tribunal avaliador

1. A Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa, en exercicio das súas competencias e de acordo co artigo 7.2 do Real Decreto 102/2010, do 5 de febreiro, nomeará un tribunal avaliador da proba externa.
2. O tribunal estará formado por, cando menos, tres examinadores pertencentes aos respectivos corpos de Catedráticos ou Profesores de Ensinanza Secundaria da Comunidade Autónoma de Galicia. Estará composto por un/unha presidente/a -profesor/a especialista de Lingua Francesa- e dous vogais, un/unha profesor/a especialista de Lingua Francesa e outro/a profesor/a de Xeografía e Historia, que deberá ter a correspondente habilitación para impartir a materia en lingua francesa. O profesor ou profesora de menor idade realizará as funcións de secretario/a do tribunal.
3. Correspóndelle ao tribunal o control da realización das probas así como avalialas, cualificalas e cubrir as actas de avaliación.
4. O tribunal velará pola correcta realización das probas, documentará e motivará a cualificación que outorgue e actuará, en todo momento, de forma colexiada.
5. De acordo co disposto no apartado 2 do Artigo 7 do Real Decreto 102/2010, do 5 de febreiro, a Administración francesa poderá designar os seus representantes no procedemento.

Sétimo. Cualificación das probas e actas de avaliación

1. Con antelación á celebración da proba o tribunal examinador fará públicos os criterios de cualificación aplicables, remitíndoos ao centro onde se imparte o programa.
2. A cualificación global da proba externa do Baccalauréat será válida cando se reúnan as condicións para a obtención do título de Bacharel. A cualificación global da proba externa obterase coa media aritmética das cualificacións obtidas nas probas de cada unha das materias específicas, expresada con dous decimais e redondeada á centésima.
3. Segundo se determina no artigo 7.2 da Orde EDU/2157/2010, do 30 de xullo, o alumnado que obteña unha cualificación inferior a 5 na cualificación global da proba ou na cualificación da materia específica de Lingua e Literatura Francesas non superará a proba externa. Nestes casos consignarase «*Non apto*» no correspondente recadro da columna de cualificación global da proba externa.
4. As cualificacións de cada un dos exercicios serán numéricas, redondeadas ao medio punto máis próximo, nunha escala de 0 a 10. No caso de que, sen motivo xustificativo, algún alumno ou alumna non se presentara a algunha das probas ou a parte das mesmas, será cualificado con 0 puntos na dita proba ou parte.



5. A cualificación da proba de Lingua e Literatura Francesas obterase coa media aritmética das cualificacións dos dous exercicios que a integran, escrito e oral, con dous decimais e redondeada á centésima, no seu caso.

6. A cualificación global da proba externa do Baccalauréat será válida cando se teñan superado todas as materias do Bacharelato. De acordo co establecido no artigo 8 da Orde EDU/2157/2010, de 30 de xullo (modificado polo artigo único punto 3 da Orde EFP/935/2022, de 27 de setembro), a cualificación final para a obtención do Diploma de Baccalauréat será o resultado de aplicar a seguinte fórmula:

$$\text{Cualificación do Baccalauréat} = \text{NMB} * 0,7 + \text{CGPE} * 0,3$$

NMB = Nota media do Bacharelato.

CGPE = Cualificación global da proba externa.

A nota obtida de dita ponderación expresarase en forma numérica de 0 a 10 puntos, con dous decimais, redondeada á centésima.

7. Das cualificacións das probas levantarase acta asinada por todos os membros do tribunal, segundo o modelo do anexo III da presente resolución. O tribunal avaliador enviará unha copia da acta asinada e selada á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia.

8. Unha vez concluído o proceso de avaliación, o tribunal fará públicas, no taboleiro de anuncios habilitado para tal efecto pola dirección do centro, as cualificacións obtidas nas diferentes materias específicas da proba externa.

9. No prazo de tres días hábiles dende a publicación dos resultados, os alumnos e alumnas que participaran na proba ou, se foran menores de idade, os seus pais, nais, titores ou representantes legais poderán solicitar a revisión das cualificacións adoptadas como resultado do proceso de avaliación.

10. A dirección do centro educativo será a encargada da garda e custodia das actas do seu alumnado.

Oitavo. Reclamacións

1. No caso de existir desconformidade coa cualificación obtida, os alumnos ou alumnas, ou os pais, nais ou titores legais, se é o caso, poderán solicitar por escrito á secretaría do centro a revisión da corrección das probas no prazo de tres días hábiles a partir da exposición dos resultados no taboleiro de anuncios do centro.



2. A reclamación, que conterà cantas alegacións e documentación se estimen oportunas, se presentará por escrito en el centro educativo (especificar o centro) e dirixido ó/á Presidente/a do Tribunal avaliador.
3. O centro educativo dará traslado das reclamacións ó/á Presidente/a do tribunal avaliador, que deberá reunir de novo o tribunal en sesión extraordinaria para adoptar, mediante decisión motivada, a confirmación ou a modificación dos resultados.
4. Os exercicios obxecto de reclamación serán revisadas co fin de verificar que todas as cuestións foron avaliadas coa correcta aplicación dos criterios de cualificación e avaliación aplicables, así como a comprobación de que non existen erros no proceso do cálculo da cualificación final.
5. O prazo máximo de revisión será de dous días hábiles desde a recepción da reclamación. Unha vez finalizado o proceso de revisión, os resultados definitivos serán comunicados á persoa interesada no prazo de dous días hábiles. Desta resolución levantarase acta asinada por todos os membros do tribunal.
6. Contra a decisión do tribunal avaliador as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Noveno. Emisión de certificados e tramitación do Diploma de Baccalauréat.

1. O alumnado que supere a proba externa específica obterá o título de *Baccalauréat* outorgado polo Ministerio de Educación Nacional Francés. A cualificación global da proba externa do *Baccalauréat* será válida cando se teñan superadas todas as materias do Bacharelato.
2. A persoa directora do centro educativo formulará, de oficio e coa necesaria celeridade, as solicitudes de expedición do *Diplôme du Baccalauréat* para o alumnado que reúna as condicións. A tal efecto, cubrirá unha táboa informática de datos que a Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa porá á súa disposición e que responderá ao acordado entre as Administracións española e francesa.
3. A partir da dita táboa a persoa secretaria do centro educativo emitirá unha certificación selada e asinada, co *Visto e Prace* da persoa directora, seguindo o modelo do anexo IV da presente resolución, dando fe de cantos datos se requiren. A dirección do centro remitirá unha copia escaneada da dita certificación á Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que, á súa vez, a trasladará á Subdirección General de Ordenación Académica. Elaboraranse dous exemplares de cada certificación: un deles entregarase á persoa titular da mesma e o outro



conservarase no centro e poderá ser solicitado para a súa oportuna revisión, de ser requirido pola parte francesa.

4. A certificación será tramitada ante a autoridade francesa co obxecto de que esta emita a oportuna *attestation* (certificación) que permita ao alumnado do programa *Bachibac* acceder á universidade.

5. Nas solicitudes de expedición do *Diplôme du Baccalauréat* faranse constar os dous *enseignements de spécialité* que cada titular desexe que consten no mesmo, en función das materias cursadas e de acordo co establecido no anexo V desta resolución.

6. A solicitude de expedición do título de *Baccalauréat* dirixirase telemáticamente á Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa que, á súa vez, o remitirá á Subdirección General de Ordenación Académica para o seu traslado á Administración francesa. Unha vez recibidos os títulos, realizarase o procedemento inverso.

7. O Ministerio de Educación e Formación Profesional encargarse de tramitar coa Administración francesa a expedición do *Diplôme du Baccalauréat* do alumnado que reúna as condicións para obter o título de Bacharel, nas datas que se determinen en función da celebración das avaliacións finais ordinarias e extraordinarias nas distintas Comunidades Autónomas.

8. De acordo co establecido no artigo 10 da Orde EDU/2157/2010, do 30 de xullo, no seu artigo 10, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional asegurará que, tanto no expediente académico como no historial académico de Bacharelato do alumnado, se recolla, mediante dilixencia, segundo o modelo incluído no anexo II da citada orde, que o alumnado superou as ensinanzas do currículo mixto e que acadou o nivel B2 en lingua francesa no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas. Así mesmo, nas actas de avaliación de Bacharelato farase constar, no seu caso, a referencia expresa ao Real Decreto 102/2010, do 5 de febreiro, que regula as ensinanzas do currículo integrado.

Décimo. Supervisión do funcionamento do programa.

En virtude do establecido no artigo 5 do Acordo relativo á dobre titulación de Bacharel e Baccalauréat, do 10 de xaneiro de 2008, as inspeccións educativas francesa e española poderán supervisar o funcionamento deste programa no centro educativo no que está implantado.

Décimo primeiro. Datos de carácter persoal.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.





O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo segundo. *Desenvolvemento normativo.*

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento da presente resolución.

Décimo terceiro. *Entrada en vigor.*

A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no portal educativo <https://www.edu.xunta.gal>.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

